

25 anos da Festa da Palabra

A fin do silenciamento

A intervención na Historia desta “publicación galega feminista” percórrese aquí desde unha ollada ao contexto político que lle dá razón de ser. Enlazada con outras batallas –a igualdade para os homosexuais, o antirracismo ou a ecoloxía– o camiño da emancipación das mulleres non se entende sen unha revista que foi esteo e soubo acoller o disenso inherente ao seu avance, desde o feminismo da diferenza á transmodernidade. Hogano, o seguimento da presenza sociopolítica e cultural delas non pode xa aspirar á exhaustividade. // *Xabier Cordal*

A publicación feminista *Festa da Palabra Silenciada* vén de cumprir vinte e cinco números. Baixo a dirección de María Xosé Queizán e a participación de máis de seiscentas asinaturas, o feminismo galego contaría unha historia moi outra sen o efecto simultaneamente revulsivo e canónico que tiveron as súas páxinas.

Para amantes da exactitude das efemérides resultará difícil resolver se a *Festa da Palabra Silenciada* cumpre un cuarto de século ou 28 anos. A primeira entrega nin se reproduce no catálogo de portadas, que comeza polo segundo número (1985). Daquela Margarita Ledo e Marguerite Duras publicaban *Trasalba ou Violeta e o militar morto* e *La douleur*, mentres Annie Lennox e Aretha Franklin cantaban a dúo coa multitude o himno *Sisters are doing it for themselves*. Pero os grandes titulares, excepto a catástrofe climatolóxica, tiñan nome varón.

TEMPO DE PALABRAS CRUZADAS

Ao pé da rúa a corrente de conciencia popular vivía a resaca do 68. Comezaba a percibirse con claridade a fuxida aos cuarteis de inverno dun amplo concepto de progresismo que se revelou, desde o XVIII, unha e outra vez determinante para que a voz liberadora das mulleres puidese facerse visible. Producíase un paradoxal cruce de augas e na turbulencia ideolóxica era fácil perder o rumbo.

A cachoeira viña brava por varias fontes: do lado próximo, a explosión sociocultural posfranquista en contraste coa derrota da ruptura democrática. Na distancia os síntomas de esgotamento do socialismo real colidían, coma dous veciños na rúa, con algunhas propostas emanadas precisamente do que foi, ata Seattle, o máis moderno pulso anticapitalista. Tras as primave-

ras guedelludas, sobre todo tras as ovacións para Ho-Chi-Minh, blindados parisinos encargáronse de lembrar á xuventude que o *hardware* goberna a Terra.

Fóronse enlazando a tradición feminista de combate, o antirracismo, as protestas homosexuais ou a mobilización contra a ruína do medio ambiente. A esquerda precisaba poñer ao día alianzas e métodos mais a involución dos oitenta, intelixentemente orquestrada desde Washington e desde o Vaticano, ocupouse de reconfigurar o mapa político mundial ao tempo que nos aprendía os enigmas da posmodernidade.

As mulleres non perderan o paso; en realidade a súa revolución silenciosa gañara durante o XX un terreo sen precedentes e sumaba vitorias do sufraxio ao divorcio, da universidade –ou a empresa– á soberanía sobre a reprodución. Eran vitorias rexionais, nunca definitivas, pero a rede feminista, non sen agres debates que chegaron tamén ao noso país, alcanzara a madurez e aprendeu a colocar a liña do horizonte sempre un pouco máis alá do que soñaba cada precursora. Cando se decretaron os felices oitenta e a fin das grandes reivindicacións, o pulo das mulleres apenas dera comezado. Neses anos a maioría esmagadora dos homes de Galicia eramos profundamente machistas.

PRECURSORAS

Foi ese tipo de mentalidade a que xulgou con displancia, no mellor suposto, fitos coma a *Festa da Palabra Silenciada*. O abismo entre os grupos avanzados e o resto da poboación, con escasas posibilidades para a mediación social, é unha das endemias do atraso. Rosalía de Castro, Concepción Arenal ou Emilia Pardo Bazán (monográfico, nº 6) tiveron que desafiar un contexto hostil ben antes das valiosas reformas da II República e das ventás que abría a incorporación da muller

ao traballo industrial (“As traballadoras da *Artística*”, nº 18). Tras o retorno da horda nacionalcatólica, só coa primeira achega de universitarias se deron condicións, desde finais dos 50, para rescatar ese luminoso legado e ensamblalo á disidencia que viña do norte (nº 15: “50 anos de revolución sexual. *O segundo sexo*”).

As primeiras feministas adoitaban integrarse en partidos da esquerda. Morto Franco situáronse na mesma encrucillada ca as súas homólogas de Madrid, Valencia ou Barcelona: participación nas estruturas de dominio masculino creando plataformas para o espallamento da causa ou acreción dos colectivos xa existentes (asociacións de “amas de casa”, socioculturais etc.) nunha ferramenta que permitise ocupar, entre outros, o espazo partidario. Nos foros galegos engadíase a discusión do problema nacional.

Non serán precisamente de masas as manifestacións aurais do feminismo. Desde que se funda a Asociación Galega da Muller (1976) as militantes que desfilan polas cidades do noso país tiñan de escoitar os “ide facer a comida!” ou “quen vos queda cos nenos?”. Ataques verbais que daban fe da violencia –nin se consideraba daquela materia noticiable– con que o patriarcado sanciona calquera síntoma de rebelión.

A escisión das Feministas Independentes Galegas en 1978, expresando a discordancia entre dúas das principais ponlas, dicía tamén da potencialidade do movemento. Na teoría e na práctica os feminismos continuarían a medrar o suficiente como para declinaren todo o arco ideolóxico desde a facción liberal ata a socialista, desde a ocupación de altos cargos sindicais, partidarios e públicos ata a certeza de que o único programa de transformación implicaba pilotar a súa propia nave. Iso quixo ser, no cultural, a *Festa da Palabra Silenciada*.



UNHA CELEBRACIÓN MOI SERIA


Poucas veces a cabeceira dunha publicación reúne tal cantidade de signos favorables. A *Festa da Palabra Silenciada* soubo resumir en tres termos os seus –como veremos abaixo e falando en rigor– vinte e oito anos de singratura mediante un nome que marcaba claramente o espírito da revista, o contexto en que naceu e os seus obxectivos primordiais. Convidaba o título a escorrentar a queixa inmovilizadora ou as servidumes dun voceiro orgánico. Festa, lugar de encontro, comunicación horizontal, palabra contra o silenciamento. De citarmos algunha institución comprometida coa FPS, mostrando unha empatía que se percibe moito alén do subsidio económico, esa segue sendo o Concello de Vigo.

Que as tantas veces efémeras revistas culturais galegas incorporasen ou non voces de muller sería desde ese momento unha continxencia. As mellores páxinas da *Festa* orientáronse a desmontar e reconstituír, por unha banda, os textos fundacionais da nación. Se a galegitude presumía xustamente de relato crítico capaz de actualizar as achegas marxistas e anticoloniais, a cuestión de xénero non podía adiarse. Polo lado do presente a FPS ofreceu textos creativos (“Quince anos de poesía”, nº 16) ou ensaísticos cuxa calidade, así se demostraría a posteriori, non só garantiría mención no gueto da *literatura de muller*, senón que tardaría ben pouco en cuestionar os códigos globais da cultura. A canonización deixaba de significar santidad, a da autora de *Follas Novas*, e convertíase en discurso capaz de (des)integrar conflitivamente o paradigma literario. Tamén o político (nº 9, “Colonialismo e sexismo”; nº 10, “Dez anos de movemento feminista”).

Sorprende aínda hoxe pola súa limpa eficacia o deseño de Margarita Ledo, estreado no segundo número. Formato cadrado, portada que concede protagonismo a unha soa imaxe, ausencia de sumario, páxinas interiores en papel couché a tres columnas enmarcadas, xustificación esquerda e caracteres Arial. Salvando variacións case imperceptibles pero significativas –coma a colocación en segundo plano do termo *Silenciada* ou o ocasional *Publicación Galega de Mulleres* trocando o subtítulo *Publicación Galega Feminista*– a revista mantivo os trazos externos ata agora.

MONOGRAFÍAS, RUPTURAS, ANTICIPACIÓNS

Se calquera moza medianamente favorecida pola fortuna na detección precoz do sexismo (nº 5, “Literatura infantil”) abrise ao azar calquera tomo da FPS, de seguro encontraría unha chea de artigos que lle resultarían sor-



// Mar de la Peña

prendentes e valiosos. No entanto, sen perspectiva histórica podería mesmo experimentar sensacións de *déjà vu* ao bater co que son, nesta altura, teses asumidas polo cerebro comunal deste país. Ese é un dos logros da cabeceira na que se empeñou María Xosé Queizán.

Porque cando irrompe hai vinte e oito anos unha publicación integrante producida por mulleres, Xohana Torres (monográfico, nº 3) non adoitaba citarse a carón de Uxío Novoneyra. María Mariño (monográfico, nº 21) continuaba semellando unha musa espectral e a pintura (“Novísimas pintoras galegas”, nº 11), agás se o escolmante aceptaba a ética da excepción e lle daba por citar Maruja Mallo ou Menchu Lamas, sucedíase de home en home desde as misteriosas mans asexuadas de Altamira.

Cando Ana Romaní tivo a xentileza de nos ir folleando ao outro lado do teléfono o número inaugural, imposible de localizar na actualidade, era fácil dexergar o gran salto que media entre aquela aventura e o terreo onde

pisan as artes e as letras da Galicia contemporánea. Ningún manual escolar deste 2010 aborda, por exemplo, a autora de *Cantares Gallegos* (monográfico, nº 2, esgotado hai tempo) sen aludir á súa condición feminista. Ningunha colectánea de literatura reserva xa unha tira coloreada para as mulleres escritoras en ningún dos xéneros. Diso tampouco podemos inferir que a conquista da normalidade estea rematada, entre outras cousas porque a idea de normalidade remite hoxe á ditadura cultural do capitalismo. E basta un repaso veloz da nómina de colaboracións nos xornais ou dos seus equipos directivos para nos reencontrar (“Medios de comunicación”, nº 7) co páramo que hai un cuarto de século ressecaba a produción intelectual enteira.

Desde que o formato voluntarista en A4 da estrea circulou polas estradas do país, desde que –pouco antes do Congreso mundial rosaliano– o volume dedicado á pedra angular do noso Rexurdimento se presentase duran-

te unha concorrida cea en Padrón, nin as máis optimistas soñaban a lonxevidade daquela *Festa*. O camiño foi arduo. Pero despois de se recibir o proxecto como extravagancia nalgúns circuítos intelectuais, tras as acusacións de sectarismo ou os recitais para un feixe de persoas, pouco e pouco cada número ía tomando carácter de acontecemento.

REFERENCIA

Hai apenas semanas a directora deixaba constancia, no *Diario Cultural* da Radio Galega, da transformación progresiva da FPS. Os cambios marcharon parellos á confrontación ideolóxica que abriu a crise posmoderna, pero responden ademais a unha profunda evolución que ten moito que ver coa da propia María Xosé Queizán. Se en *Recuperemos as mans* (1980) ecoaban con forza as pegadas do substrato socialista (“as mulleres somos unha clase social”), as FIGA viraron cara ao feminismo da diferenza. Mais na década dos noventa, cando quedaba claro que negar o relato do progreso e parcelar convenientemente as identidades servía só á expansión neoliberal, a *Festa da Palabra Silenciada* posicionouse de xeito inequívoco coa transmodernidade.

Non se debe confundir, ao noso xuízo, esa rectificación a xeito de síntese con outras mudanzas. A incorporación de asinaturas masculinas, a clausura do apartado de creación e a transversalidade nos temas (“O Rromipén. Cultura xitana”, nº 19; “A ciencia como aliada”, nº 20 etc.) responden, por un lado, á angueira de actualizar obxectivos por parte do propio feminismo e, polo outro, ao cambio xeracional. Nin os trazos de xénero eran hai 25 anos os mesmos nin a receptora que xa se criou á sombra de *Andaina*, da FPS e doutras follas irmás do planeta precisa os mesmos estímulos.

As novas reivindicarán con naturalidade o papel da *Festa da Palabra*, tanto se se trata de subliñar a achega decisiva das autoras durante o tempo último, de acceder aos debates máis recentes (“O verbo patriarcal”, nº 24) ou de procurar teoría crítica, bibliografía, recensión das obras publicadas por mulleres, da actividade plástica. O seguimento de toda esa presenza sociopolítica e cultural, felizmente, nin sequera pode hoxe aspirar a ser exhaustivo.

Para o futuro quedan retos coma a dixitalización do patrimonio da *Festa da Palabra Silenciada*. Entrementes o último número da publicación avalía 25 anos de esforzo, no coidadísimo galego que revisa Marga R. Marcuño, coa satisfacción de quen se sabe referente e coa certeza de que a única maneira de ser históricas é intervir na Historia.